

EN LEMBRANZA DE CARLOS O XESTAL

APAGA O CANDIL

Escrita e dirixida por
CÁNDIDO PAZÓ

Con
AVELINO GONZÁLEZ
e **TONI SALGADO**

UNA PRODUCCIÓN DE

fiot
CARBALLO

COVTRA
PRODUCCIONS

CON COLABORACIÓN DE

concello de
CARBALLO

Deputación
DA CORUÑA

No cemiterio de Razo, en Carballo, nunha fileira de sepulturas baixo unha placa na que se le "Sacerdotes y pobres", un nicho estivo ocupado durante moitos anos sen ningún tipo de identificación. Os restos chegaran alí desde outro nicho que prestara unha veciña para que se puidera celebrar o enterro o 5 de xaneiro de 1993. Aqueles eran os restos de Carlos Díaz

O Xestal

un dos humoristas galegos máis populares dos anos 60 e 70, cunha historia persoal entre o éxito e a amargura

Pato de Cans
Extraído dun artigo de *El Diario*

” **Entrelazados coa súa biografía, os seus contos tradicionais adquiren outro sentido. Había moita dor detrás do humor**

Manuel Rivas
en *As voces baixas*

APAGA O CANDIL






75 minutos de diversión, emoción e reflexión nun espectáculo que reivindica a riqueza da tradición oral e a memoria rural como fonte expresiva na que ten de beber a lingua viva e con arelas de futuro

APAGA O CANDIL





Fillo dunha cigarreira e dun traballador da
Compañía de Tranvías, Carlos Díaz
Gestal naceu no barrio coruñés de
Monte Alto en 1933 e viviu boa
parte da infancia no entorno rural
de Sada, Oleiros e Cambre.

Fíxose popular no programa *Desfile
de estrelas*, de Radio Nacional de España,
narrando contos e historias en galego, algo que,
naqueles momentos, resultaba insólito e pioneiro.

Desde 1961 chegou a gravar máis de 20 discos de humor en
galego, e máis de música tradicional, que acadaron unha
grandísima sona e transcendencia.

Fundou o *Coro Aires de Bergantiños* e fixo parte de
Cántigas da Terra, *Follas Novas* e *Toxos e Froles*.

Folclorista e promotor de grupos de
gaitas, onde tocaba o
bombo, grazas a el
recuperáronse pezas
tan senlleiras da
música tradicional
galega coma a
Marcha
Procesional do
Antigo Reino.

APAGA O CANDIL

APAGA O CANDIL

**Incomprendido
e cuestionado
por algúns
sectores da
cultura galega,
coñeceu a cara e
a cruz da
popularidade**

En 1964 recibiu a
“Medalla al Mérito
Turístico” das mans do
ministro Manuel Fraga.

**NO FINAL DA
DITADURA FOI
PERSEGUIDO POLA
SÚA CONDICIÓN
HOMOSEXUAL,
INGRESANDO NA
CADEA E VÉNDOSE
RELEGADO AO
OSTRACISMO**

**No 74 foi vivir a unha aldea
de Carballo, integrándose
de cheo na humilde vida
labrega do lugar e
implicándose a fondo nas
históricas loitas
veciñais que se
levaron a cabo na
contorna, entre
elas a mítica
“Revolta da
marisma de
Baldaio”**



UN PERSONAXE DE VIZOSA TEATRALIDADE

Rico en matices, inseguro e ás veces contradictorio, coas súas luces e as súas sombras. Cun don natural para darse aos demais desde o humor e a parodia, mais tamén para negarse a si mesmo desde a teimuda melancolía, atrapado nun tempo e nunhas circunstancias pouco acaídas para o seu desenvolvemento persoal, creativo e profesional

A photograph of a man with short, light-colored hair, wearing a white button-down shirt, sitting on a large, cylindrical drum with a white head and red rim. He is looking off to the side with a serious expression. The setting is a stage with a dark background. In the background, there is a stone structure with a skull and crossbones carved into it, and a person in a dark costume with a yellow vest and a tall hat. The floor is lit with a blueish-green light.

APAGA O CANDIL

SINOPSE ARGUMENTAL

Noite de luar. Encrucillada de camiños. Entra en escena un home miúdo e melancólico. É o personaxe d'O Xestal.

Cun candil na man, vestido de repoludo gaiteiro rosaliano, sáelle ao paso un mozo novo e garrido. É a morte.

O personaxe d'O Xestal négase a recoñecer a morte en tan atípica fasquía. Cando finalmente a reconece resístese a seguila, establecéndose entre eles unha dinámica e amena tirapuxa na que se entreveran os episodios máis significativos da vida d'O Xestal con algúns dos seus contos máis divertidos



*Dous universos temáticos.
No plano persoal...*

- A autoestima
- A necesidade de recoñecemento
- A insatisfacción creativa e vital
- A aceptación da propia identidade.

...e no colectivo:

- As vicisitudes do compromiso cívico
- A dificultade histórica das clases populares galegas para prestixiaren as súas manifestacións características, entre elas a lingua, e prestixiárense nelas

APAGA O CANDIL

APAGA O CANDIL



Texto

Cándido Pazó

Actores

Avelino González

Toni Salgado

Escenografía

Pablo Giráldez "O Pastor"

Vestuario

De Cotío

Asesoría na baila

Chus Caramés

Cartaz

Juan Gende

Espazo sonoro e musical

Xurxo Souto

Richi Casás

Técnico de gravación

Tomás Ageitos

Iluminación e técnica

Miguel Cabaleiro

Afonso Castro

Directora de produción

Belén Pichel

Dirección

Cándido Pazó

Contacto

BELÉN PICHEL

605263755

belenpichel@gmail.com

COVTRA
PRODUCCIONES